


DÍA 50

Unha vez visto o conto propóñovos o seguinte: confeccionar o voso propio TOPITO. Para isto tan so necesitades un rolo de papel hixiénico, algún obxecto que teñades pola casa para as pernas e máis para as mans (como palliñas) e debuxar a cara de Topito.



Deseguido, con unha caixa de zapatos, pode-
des facer o seguinte xogo: escribimos en va-
rias etiquetas algúns adxectivos bonitos e po-
sitivos que lle queiramos dicir a Topito para
que se sinta ben e contento.

Logo metemos a Topito na caixa e con varias
palliñas nas que colocaremos as palabras
imos atravesando a caixa.

Unha vez que metemos todas as palliñas de-
bemos liberar a Topito. Para isto temos que ir
quitando as palliñas á vez que lemos a pala-
bra en voz alta.

